

DISTINTAS EXPERIENCIAS CO GALEGO

Nós somos dous rapaces que nos chamamos Héctor e Unai, e levamos falando galego dende que nacemos. Nas nosas casas medramos co galego, na aldea, coa familia, cos nosos pais. A nosa experiencia co galego é boa, xa que levamos falando e estudando galego toda a vida, e ademais gústanos.

Pero en clase sempre falamos castelán co noso compañeiro Said, un rapaz de dezoito anos de orixe marroquí. Entende pouco o galego, pero está comezando a aprender a falalo. Leva só un ano en Lugo. O galego parécelle moi difícil de pronunciar, aínda que di que lle gustaría aprender a falar galego con soltura. El na súa casa fala castelán e coa súa familia de Marrocos fala árabe, nembargantes os seus compañeiros de piso falan galego. El intenta falar galego cos seus compañeiros, pero resúltalle un pouco, ou bastante, complicado.

Esta experiencia parécenos moi interesante, porque nois axuda a coñecernos máis uns aos outros, e polo tanto, a integrarnos mellor no grupo-clase , pero tamén para practicar un pouco máis o noso galego, cada un ao seu nivel, claro.

Héctor, Unai e Said